

galicia

Parques Naturais de Galicia
Serra da Enciña da Lastra

*Experiencias
en plena
natureza*

Paisaxe mediterránea en Galicia



UNHA EXCEPCIÓN DA PAISAXE GALEGA


O seu nome responde a unha grande aciñeira que disque servía como punto de referencia para os viaxeiros que percorrían estas terras na época de dominación romana. Quedarás sorprendido polo seu clima mediterráneo e os seus solos calcarios.

As augas do Sil deron forma a interesantes paisaxes e elementos froito da erosión, entre os que caben destacar as *palas* ou covas que forman a maior rede de cavidades de Galicia. Ademais do interese que estas covas teñen para

os espeleólogos, os historiadores atoparon nelas restos arqueolóxicos de diferentes civilizacións: da Idade de Bronce, das épocas romana e medieval.

Un dos recursos naturais do Parque, intensamente aproveitado para a actividade económica, foi a pedra calcaria, da que se extraía o cal vivo utilizado na construción como base para a argamasa e para encalar as vivendas.

Deste espazo protexido destacamos os lugares de Covas e Biobra, onde se localiza o Centro de visitantes.



ACCESOS:

O acceso máis frecuente ao terreo protexido faise mediante a N-120, entre Ponferrada e Ourense, que atravesa o Parque facilitando a chegada ao centro de visitantes en Biobra.





**MÁIS INFORMACIÓN SOBRE O PARQUE E AS
EXPERIENCIAS QUE CHE PROPOÑEMOS EN:**

**Centro de Visitantes do Parque Natural
Serra da Enciña da Lastra**
Praza dos Bolos, s/n Biobra. 32004 Rubiá
Contactar antes:
T. 988 386 376 · 988 386 029


Mira ao ceo e recoñece o valor deste espazo identificando as diferentes especies de aves que o habitan.



ENCIÑA DA LASTRA BIRDING

Quéreste converter nun experto ornitólogo? Os canóns e cantís fluviais fan do Parque un interesante refuxio de varias especies, entre as que destacan as aves de rapina como o voitre branco, a aguia real e o falcón peregrino, pouco habituais no noroeste ibérico. Os expertos confirmaron que este lugar acolle a maior concentración de aves nidificantes de Galicia, así coma grandes colonias de morcegos nas numerosas covas existentes.

Descarga no teu teléfono móbil a aplicación gratuíta **Birding Galicia** e desfruta das catro rutas que che propoñen neste espazo protexido. Dúas delas poderalas realizar en coche e dous camiñando, para poder iniciarte no mundo da ornitoloxía.



Descubre o pracer de perderte sabendo en todo momento cal é o teu destino.







SENDEIRISMO POR ENCIÑA DA LASTRA



A Ruta Val do Sil, entre Vilardesilva e Covas, discorre pola marxe dereita do río en dirección ao canón fluvial, permitindo descubrir as increíbles gargantas que encoran as augas e lles serven de lugar de caza ás aves rapaces.

A ladeira norte dos Penedos de Oulego é unha das panorámicas imprescindibles no Parque e poderás contemplala ao longo da Ruta Tras os Penedos, que arrinca dende a área de descanso de Caprada e se interna nun bosque de densa vexetación ata a base destas formacións rochosas.

				
Ruta Val do Sil	BAIXA/ MEDIA	5 Km	1,30 h	LINEAL
Ruta Tras os Penedos	BAIXA	1,5 Km	25 min	CIRCULAR
Ruta Soutos Baixo Pena Falcueira	MEDIA/ ALTA	3,9 Km	1,45 h	CIRCULAR
Ruta do Caleiro	MEDIA/ ALTA	6 Km	3 h	LINEAL
Ruta do Real de Oulego	MEDIA	4 Km	2,30 h	LINEAL
Ruta da Vía Romana	MEDIA	8,6 Km	3,30 h	CIRCULAR
Ruta da Ermita de Santo Estevo	MEDIA	6 Km	3 h	CIRCULAR
Ruta das Galegas	MEDIA	6,8 Km	3 h	LINEAL
Ruta das Dúas Vertentes	MEDIA	4 Km	1,30 h	CIRCULAR
Ruta Baixo de Páramo	MEDIA	4 Km	2 h	CIRCULAR

Na primavera recoñece as diferentes especies que florecen ao longo de todo o Parque.




DESCUBRINDO ORQUÍDEAS


O clima mediterráneo e as condicións do solo son os culpables de que na túa visita poidas contemplar unha das maiores concentracións de orquídeas de Galicia.

Acompañados dun guía especializado, convidámoste a descubrir a floración desta planta a través dunha ruta interpretativa para que poidas aprender a identificar máis de 25 especies. Recomendámosche que escollas as épocas de primavera e verán, cando estas pequenas flores sorprenden pola súa beleza e vistosidade. Entre as diferentes especies,

e facilmente recoñecible, figura a *ophrys*; esta pequena flor simula o corpo dunha femia de abella.

Estas flores, moi recoñecidas no mundo ornamental e tan descoñecidas no forestal, han sorprenderte pola súa exquisita beleza e pola súa maneira de chamar a atención.


























Parques Naturais de Galicia | Serra da Enciña da Lastra


Rutas Serra da Enciña da Lastra

-  1 Ruta do Real de Oulego | 4049 m. (x2 ida/volta)
-  2 Ruta da Vía Romana | 8600 m.
-  3 Ruta da Ermida de Santo Estevo | 6151 m.
-  4 Ruta do Caleiro | 2947 m. (x2 ida/volta)
-  5 Ruta Baixo de Páramo | 4200 m.
-  6 Ruta Val do Sil | 5140 m. (x2 ida/volta)
-  7 Ruta Soutos Baixo Pena Falcueira | 3977 m.
-  8 Ruta das Dúas Vertentes | 4102 m.
-  9 Ruta das Galegas | 6831 m. (x2 ida/volta)
-  10 Ruta Tras os Penedos | 1562 m.

 Límite Parque Natural Serra da Enciña da Lastra
 Estradas

-  Sede do parque / Centro visitantes do parque
-  Vistas panorámicas
-  Miradoiro
-  Ruta
-  Fonte
-  Área recreativa
-  Árbore senlleira
-  Cavidade cárstica
-  Encoro
-  Elemento arquitectónico singular
-  Restos arqueolóxicos
-  Bosque mediterráneo
-  Castiñeiros
-  Cultivos
-  Mato mediterráneo
-  Pasteiros

 ZONA DE USO XERAL
 ZONA DE RESERVA



-  ZONA DE USO MODERADO
-  ZONA DE USO RESTRINXIDO

Paquetes turísticos



Benvido á autenticidade de Enciña da Lastra

Sherpa Project, consultora especializada en turismo, seleccionou algunhas das mellores experiencias para que a túa viaxe sexa inesquecible. A través de **Viajes Tambre - Aventuras en Galicia** poderás reservar os programas que che presentamos.

Faite protagonista da túa propia experiencia, ou busca máis información doutros servizos turísticos en contacto coa natureza na páxina web de Turismo de Galicia.

Condicións dos paquetes turísticos:

- * Os prezos que se indican son por persoa en réxime de AD e cuarto dobre. IVE incluído en todos os servizos.
- * Oferta suxeita a dispoñibilidade e temporada do ano.
- * Algunhas actividades poden esixir un grupo mínimo.

Máis información e reservas:

info@aventurasengalicia.com · T. 981 561 785

PROGRAMAS ENCIÑA DA LASTRA EN 2 DÍAS

Descobre o Parque



Kaiak en Penarrubia
Estancia en hotel rural O Pillabán.

Explora o Parque Natural a bordo dun kaiak.

Percorre o encoro de Peñarrubia en kaiak; dependendo época do ano estarás acompañado de parrulos, aguias e garzas. Unha actividade moi sinxela e apta para todos os públicos que inclúe un guía local da empresa Vianova Aventura que nos axudará a interpretar a paisaxe.

Ao día seguinte propómosche visitar algunhas das aldeas, como Covas, Oulego, Rubiá, Biobra e O Robledo da Lastra, que esconden un gran tesouro etnográfico.

Para o tránsito de embarcacións no encoro de Penarrubia é necesario solicitar un permiso na administración do Parque.

CEA + 1 NOITE DE ALOXAMENTO + ALMORZO + TRAVESÍA EN KAIK.

Prezo dende 100€/persoa.

Consultar condicións do paquete turístico.



PROGRAMAS ENCIÑA DA LASTRA EN 2 DÍAS

Viaxe ao mundo subterráneo



Espeleoloxía nunha cova do Parque.
Estancia en hotel rural O Pillabán.

Estiveches algunha vez no centro da terra?

En Enciña da Lastra hai innumerables covas, que aquí se chaman *palas*, palabra de orixe prerromana. Convertéronse en lugar de peregrinación de espeleólogos e afeccionados. Acompañados dun guía especializado, poderemos visitar algunhas zonas como Pala Cumbeira, Pala da Zorra, Pala Pereda o Pala Cubelas, entre outras.

Coa única axuda dunha luz artificial eléctrica ou de carburo, poderemos explorar o interior destas covas e

atravesar as súas galerías. Descubrirás impresionantes formacións xeolóxicas e admirarás espectaculares estalactitas e estalagmitas.

Para practicar a espeleoloxía é necesario solicitar un permiso na administración do Parque.

CEA + 1 NOITE DE ALOXAMENTO + ALMORZO + ESPELEOLOXÍA.

Prezo dende 112€/persoa.

Consultar condicións do paquete turístico.



PROGRAMAS ENCIÑA DA LASTRA EN 2 DÍAS

Sendeirismo con bo sabor de boca



Ruta de sendeirismo e visita a unha adega.
Estancia en hotel Calzada.

Brinda por unha experiencia que combina deporte e viño.


Acompañado por un guía especializado poderás descubrir algunhas das principais rutas de sendeirismo do Parque para coñecer todo o que agocha este espazo singular. Ao día seguinte propómosche visitar unha adega da denominación de orixe Valdeorras onde poderás coñecer todo o proceso de elaboración, así como participar nunha cata de viños acompañado por un guía entoturístico da empresa local Valdeorras es vino.

CEA + 1 NOITE DE ALOXAMENTO + ALMORZO + RUTA DE SENDEIRISMO + VISITA A ADEGA.

Prezo dende 98€/persoa.

Consultar condicións do paquete turístico.





Non deixes de ver

Unha selección de catro visitas obrigadas que non te deixarán indiferente e que encarnan a esencia do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra.

Os 9 miradoiros

A forma máis fácil de admirar a paisaxe do Parque. Destacan os miradoiros de Caprada en Oulego, Alto da Escrita en Biobra, Tanque de Covas e a Portela en Vilardesilva.



A orquídea

A maior concentración desta planta no territorio galego. 25 especies diferentes que poderás coñecer se contratas os servizos dun guía ou te apuntas ás visitas gratuítas que se organizan nalgunhas ocasións.




Árbore Senlleira

Achégate a un terreo próximo ao cemiterio de Covas para admirar unha grande aciñeira que conta co recoñecemento de Árbore Senlleira.




Patrimonio Etnográfico

Visita as aldeas que se atopan dentro do parque ou nos seus límites e que esconden un gran patrimonio etnográfico: fornos comunais, muíños, alvarizas, fontes e lavadoiros, pombais e casas tradicionais.



Faite co pasaporte de Parques Naturais de Galicia

Infórmate das vantaxes que che ofrece e síguenos en: **#GaliciaNaturaleÚnica**



Parques Naturais de Galicia

Fragas do Eume

O bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa. O río Eume e os mosteiros de Caaveiro e Monfero son os seus principais atractivos. Un bosque máxico que agocha nas ribeiras húmidas máis de 20 especies de fentos e 200 de líques.



Parques Naturais de Galicia

Baixa Limia Serra do Xurés

O maior Parque de Galicia en plena fronteira con Portugal. As súas serras escarpadas de granito e os seus maxestosos bolos de pedra danlle un carácter diferente a outros espazos protexidos. Conta con moitos monumentos megalíticos e o testemuño do paso dos lexionarios romanos pola calzada XVIII ou Vía Nova.



Parques Naturais de Galicia

Monte Aloia

Primeiro Parque Natural de Galicia que contou cunha reforestación feita á medida polo enxeñeiro Rafael Areses. As lendas afirman que se trata do Monte Medulio, escenario do suicidio colectivo das tribos celtas antes de caeren nas mans dos romanos.



Parques Naturais de Galicia

Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

A duna móbil máis grande do noroeste peninsular, cunha extensión de máis de 1 quilómetro de lonxitude, 250 metros de ancho e unha altura de 20 metros. Son de grande interese a lagoa de auga doce de Vixán e a lagoa de auga salgada de Carregal, que mantén a comunicación co mar.



Parques Naturais de Galicia

O Invernadeiro

Un espazo natural sen asentamentos humanos nas súas proximidades. Natureza en estado salvaxe representada polo lobo, que convive coas súas principais presas, como o corzo e o xabaril. Os seus cumios redondeados comparten espazo cun sorprendente circo glaciar e impresionantes fervezas.

RECOMENDACIÓNS

Deixa o vehículo nos estacionamentos habilitados.

Arrincar flores e plantas está prohibido, ademais de poñer en perigo especies singulares.

Antes de faceres unha ruta, comproba a dificultade e o tempo que debes investir nela.

En moitos dos Parques Naturais organizan visitas guiadas e interpretadas gratuítas. Chama antes.

Camiña polos sendeiros habilitados.

Non está permitida a acampada libre nin pasar a noite con caravanas.

Fai un uso responsable do lixo; se non hai contedores, gárdao ata que atopes un.

Non está permitido o baño fóra das zonas habilitadas.

Apps gratuítas:



Sendegal
Parques naturais
Birding galicia

EMERXENCIAS

Urxencias 112
Seprona 062
Incendios forestais 085



www.turismo.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Parques
Naturais de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Aloxamentos · Alojamentos · Accommodation



HOTEIS · HOTELES · HOTEL

HOTEL O CAMIÑO ★★★

N-120, Km. 555, O Castro de Valdeorras (Santa María), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 322 686

ESPADA ★★

Campo grande, 44, A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), 32350, A Rúa
T. 988 310 076
hot.spada@gmail.com

PALADIUM ★★★

Vilamartín de Valdeorras (San Xurxo), Valdegodos, 32340, Vilamartín de Valdeorras
T. 988 336 801
repcion@chpaladium.es
www.chpaladium.es

O PILLABÁN ★

Enriqueta Casanova, 11, 32350, A Rúa, reservas@casaruralfontei.com
T. 988 311 416

BERNA ★

N-120, Km. 468, 220, A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), 32350, A Rúa
T. 988 310 124

PAZO DO CASTRO ★★★★★

O Castro de Valdeorras (Santa María), s/n, 32318, O Barco de Valdeorras
T. 988 347 423
info@pazodocastro.com
www.pazodocastro.com

CALZADA ★★

Calzada, 1 - Arcos, 32316, Vilamartín de Valdeorras
T. 988 307 734



PENSIÓNS · PENSIONES · HOTELS

A BARCA

Elena Quiroga, 27, O Barco (San Amaro), 32315, O Barco de Valdeorras
T. 699 366 085

DO LAR ★★

Penas Forcadas-Esq. Eulogio Fernández, 26, 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 320 980
info@pensiondolar.es

LA GRAN TORTUGA ★★

Conde de Fenosa, 34 baixo, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 321 175
info@lagrantortuga.es

A LASTRA ★★

N-120, Km. 460, 77, 32340, Vilamartín de Valdeorras
T. 988 300 232
a-lastra@telefonica.net

MARBELLA ★★

Miguel de Cervantes, 32, Vilamartín de Valdeorras (San Xurxo), 32340
T. 988 300 025

CASA IGNACIO ★★

Elena Quiroga, 24, Vilaira (San Martiño), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 326 005

AURUM VALDEORRAS ★★

Xirimil, 3, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras,
T. 988 108 416
aurum@aurumpension.com
www.aurumpension.com

OSIRIS ★★

Urbanización la Cerámica, s/n, 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 325 194

TAXI ★

Dr. Vila, 10, 32350, A Rúa
T. 988 310 411

NIZA

Dr. Vila, 30, 2,3, A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), 32350, A Rúa
T. 988 310 807

O ISLA ★★

Elena Quiroga, 6, Vilaira (San Martiño), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 678 480 009

VILOIRA ★

Praza Otero Pedraio, 13, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 320 956

MAYO ★★

Eulogio Fernández, 70 Baixo, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 322 098

FABIO ★★★

Progreso, 202, 1-D, A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), 32350, A Rúa
T. 636 897 217
fabiosanchezjares@hotmail.com
www.pensionfabio.es



TURISMO RURAL · RURAL TOURISM

PACIO DO SIL G. B

Xestal, 33, A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), 32350, A Rúa
T. 988 311 346
T. 609 567 823
paciadosil@gmail.com
www.paciadosil.es



Restaurantes · Restaurants



RESTAURANTES · RESTAURANTS

CASA IGNACIO 4ª Cat. †

Elena Quiroga, 24, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 326 005

LA GRAN TORTUGA 4ª Cat. †

Conde Fenosa, 34, 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 347 044

MESÓN O ISLA 4ª Cat. †

Praza Ramón Otero Pedrayo, 4, 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 325 134



Restaurantes · Restaurants



RESTAURANTES · RESTAURANTS

VILOIRA 4ª Cat. †

Praza Otero Pedrayo, 13, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 322 152

DON GODELLO 4ª Cat. †

Progreso, 55, 32350, A Rúa
T. 988 311 185

OTOÑO 4ª Cat. †

Benito Fernández, 25, A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), 32350, A Rúa
T. 988 310 410

PEYMA 4ª Cat. †

Estda. Circunvalación, 98, A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), 32350, A Rúa
T. 988 310 266

A LASTRA 4ª Cat. †

N-120, Km. 460, 77, 32340, Vilamartín de Valdeorras
T. 988 300 232

PALADIUM 3ª Cat. ††

Vilamartín de Valdeorras (San Xurxo), s/n, Valdegodos, 32340, Vilamartín de Valdeorras
T. 988 336 801
repcion@chpaladium.es
www.paladiumvaldeorras.es

MARBELLA 4ª Cat. †

Miguel de Cervantes, 32, Vilamartín de Valdeorras (San Xurxo), 2340, Vilamartín de Valdeorras
T. 988 300 025

SAN MAURO 3ª Cat. ††

Praza da Igrexa, 11-B, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras,
T. 988 321 128

PAZO DO CASTRO 3ª Cat. ††

O Castro de Valdeorras (Santa María), s/n, 32318, O Barco de Valdeorras
T. 988 347 423
info@pazodocastro.com
www.pazodocastro.com

O PILLABÁN 3ª Cat. ††

Enriqueta Casanova Ojea, 11, 32350, A Rúa
T. 988 311 416

ALECRÍN 3ª Cat. ††

Constitución, 12, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras

DO LAR 4ª Cat. †

Penas Forcadas-Esq. Eulogio Fernández, 26, 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 320 980

CASA GALAICA 4ª Cat. †

Eulogio Fernández, 27-pasadizo, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 347 235

TOMÁS 4ª Cat. †

Ramón del Valle Inclán, 1, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 327 397

VINOTECA PEPA 4ª Cat. †

Praza Xosé Antonio Míguez Freire, 6, A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), 32350, A Rúa
T. 671 399 161

ALCOBILLA 3ª Cat. ††

Avda. Conde de Fenosa, 72, 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 326 751

O PIQUIÑO 4ª Cat. †

Paseo do Malecón, 12 y 13, 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 682 349
piquino2013@gmail.com

NOBUK 4ª Cat. †

Conde de Fenosa, 11, 32300, O Barco de Valdeorras

EL CALEÑITO 4ª Cat. †

Penas Forcadas, 7 Baixo, O Barco de Valdeorras
T. 626 096 149

A LAREIRA 4ª Cat. †

Progreso, 83, 32350, A Rúa
T. 988 310 235

FERNANDO III 3ª Cat. ††

Conde de Fenosa, 61, O Barco (San Amaro), 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 320 371

SAN CRISTÓBAL 4ª Cat. †

Elena Quiroga, 26, Viloiira, 32300, O Barco de Valdeorras
T. 988 320 956

LA TRATTORIA 4ª Cat. †

San Mauro, 29, 32300, O Barco de Valdeorras



Turismo activo e deportivo · Turismo activo y deportivo · Active and sports tourism



TURISMO DEPORTIVO · SPORTS TOURISM

CLUB FLUVIAL SOC. CULTURAL Y DEPORTIVA

Miguel de Cervantes, 32, Vilamartín de Valdeorras (San Xurxo), 32340, Vilamartín de Valdeorras



Turismo de Galicia

www.turismo.gal



Parques
Naturais
de Galicia

Serra da Enciña
da Lastra